

2023

PREMIOS
DA —
CULTURA
GALEGA—

Galardóns 2023



2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



LETRAS



Yolanda Castaño

Santiago de Compostela, 1977

Yolanda Castaño é unha poeta activa e dinamizadora literaria que conta cunha longa traxectoria literaria, na que mantivo sobre todo un forte e estreito compromiso coa poesía, en contacto coas máis diversas e novas prácticas poéticas contemporáneas.

Na súa obra busca unha poesía que permita diálogos interdisciplinares, novas prácticas creativas e a hibridación de textos. De aí, que tanto nas obras de autoría individual como nas colectivas que promove como editora, procure a colaboración con representantes doutras disciplinas artísticas.

Con case trinta anos de traxectoria creativa, a súa obra literaria é moi extensa que a levou a gañar recentemente o Premio Nacional de Poesía. Dende o primeiro poemario -Eleva as pálpebras (1995), co que gañou o Premio Fermín Bouza Brey- até o último, Materia -que obtivo o Premio da Crítica de Poesía Galega en 2022- publicou máis dunha ducia de textos poéticos, moitos deles premiados e traducidos a distintas linguas.

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



ARTES VISUAIS



Museo do Gravado á Estampa Dixital

Ribeira

O Museo do Gravado á Estampa Dixital é unha institución museística de Galicia, creada en 2001, que custodia e difunde unha das maiores coleccións de artes gráficas de España e de Europa.

A súa colección artística está composta por unha importante representación das artes gráficas con nomes como Goya, Rubens, Van Dyck, Toulouse-Lautrec, Dalí ou Picasso, entre outros: gravados orixinais de época, gravados sobre pranchas orixinais realizados en épocas posteriores e reproducións facsimilares.

Radicada na parroquia de Artes no concello de Ribeira (A Coruña), o Museo que forma parte do complexo dunar de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán, é unha peza clave na rede galega de museos ao estar moi especializada na conformación da súa colección e facer un excelente traballo de catalogación, estudo e difusión, que se viu expandido coa creación da Biblioteca Ilustrada, os obradoiros de gravado e a creación do Premio Atlante de gravado.

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



ARTES ESCÉNICAS



Desde a súa constitución en 2006, Pistacatro consolidouse como produtor decano das novas correntes circenses de Galicia e de Galicia para todo o mundo, abrindo novos mercados e creando novos públicos. É, sen dúbida, a compañía e produtora de circo máis relevante das artes vivas en Galicia.

Distribúe as súas propias producións ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideran importantes baixo os criterios de calidade e interese cultural.

Como produtora circense decana en Galicia, manteñen un alto grao de profesionalización e aspiran a ser catalizador que permita poñer en común persoas e proxectos de xeración cultural.

PistaCatro

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



MÚSICA



A banda de música Unión de Guláns, con escola de música propia desde hai máis de 100 anos, naceu en 1870 en Guláns, unha aldea de Pontearreas da man de José Carracedo Domínguez, fundador e primeiro director. É, polo tanto, unha das formacións máis antigas de Galicia.

Este ano 2023, a banda celebra o seu 150 aniversario (non se fixo antes por mor da pandemia) conmemorando a súa traxectoria ofrecendo unha educación musical ao alcance de todos, deixando un pouso cultural e xeracional que agora, 150 anos despois, converteu a aldea na pequena Salzburgo.

Da banda e da súa escola de música, xurdiron recoñecidos músicos tanto a nivel instrumentista como directores e compositores con nomes tan destacados como Rogelio Groba Groba. Algúns formaron agrupacións e outros atoparon traballo no estranxeiro facendo da música o seu medio de vida. Eses músicos, espallados polo mundo adiante, levaron e levan con eles o nome de Guláns, que é sinónimo de música.

Banda de Música Unión de Guláns

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



AUDIOVISUAL



Nada en 2010 na Coruña da man do seu director, Alfonso Blanco ("Fosco"), tense consagrado como unha das principais produtoras audiovisuais de Galicia, co favor de crítica e público e sempre apoiándose na innovación para anticiparse ás tendencias de mercado.

O seu director foi recoñecido como un dos 50 líderes máis influentes do audiovisual iberoamericano pola prensa especializada e o primeiro galego membro da Academy Emmy International Awards.

Outra das liñas de traballo máis relevantes de Portocabo é a coprodución, tanto nacional coma internacional.

Proxectos seus inclúen Rapa, Hierro ou Os Fillos do Sol, entre outros.

Portocabo

A Coruña, 2010

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



LINGUA



Ponte... nas ondas!

Iniciativa transfronteiriza que promove o intercambio lingüístico entre centros educativos da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

Constituída como asociación cultural e pedagóxica dende 1995, realiza actividades educativas e culturais na procura da promoción de actividades culturais e pedagóxicas, así como a promoción da identidade común dos pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea no mundo lusófono. Isto inclúe a recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común a galegos e portugueses.

Ao longo dos anos, a cooperación entre escolas de Primaria e Secundaria ten permitido realizar actividades comúns entre ambas rexións. O traballo da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas! en canto a boas prácticas foi recoñecido polo XVII Comité Intergubernamental para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



PATRIMONIO CULTURAL



Eduardo Pardo de Guevara

Ponteceso, 1952

Historiador galego que se doutorou en Historia Medieval pola Universidade Complutense de Madrid en 1984, especializándose no estudo da nobreza baixomedieval galega, concretamente na historia social do poder.

Foi profesor de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas, director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS) entre 1994 e 2022, e director da revista Cuadernos de Estudios Gallegos.

Actualmente é científico vinculado ad honorem do IEGPS e vicepresidente da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, membro do Consello da Cultura Galega, membro da Real Academia Matritense de Heráldica y Genealogía e académico correspondente desde 1993 da Real Academia da Historia pola provincia de Lugo. Ademais, é membro do corpo da Nobreza do Antigo Reino de Galicia.

2023

PREMIOS
DA ———
CULTURA
GALEGA-



PROXECCIÓN EXTERIOR



Os Cursos de verán Galego sen fronteiras de lingua e cultura galegas, dirixidos a persoas de fóra de Galicia, veñen organizándose desde o ano 1988 por iniciativa da Real Academia Galega, en colaboración coa Xunta de Galicia, a Deputación de Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela sumando xa XXXIII edicións.

A finalidade desta iniciativa é achegar lingua e a cultura galegas a xentes de diferentes nacionalidades e así contribuír ao seu coñecemento e ao seu prestixio. Os obxectivos son fornecer unha formación en lingua e literatura, con clases teóricas e prácticas, así como actividades como conferencias, cursos, visitas ou proxeccións de filmes.

Nestes 33 anos pasaron por estes cursos máis de dous milleiros de estudantes e moitos deles son hoxe profesores en diferentes universidades, o que supón un importante reforzo da proxección internacional da cultura galega, que está presente en ducias de universidades e centros de investigación do mundo.

Cursos de Verán *Galego* *sen fronteiras*